



PRESIDENTE

Xosé Ramón Fandiño Veiga

MEMBROS NUMERARIOS

Fernando Acuña Castroviejo

Manuel Caamaño Suárez

Xosé María Dobarro Paz

Carlos García Martínez

Xosé Antonio Gómez Segade

Xoán López Rico

David Otero Fernández

Xesús Santos Suárez

Xosé Lino Vázquez Monxardín

PRESIDENTE DE HONRA:

Avelino Pousa Antelo

MEMBRO FUNDADOR

Maximino Rodríguez Buján



A FUNDACIÓN DO PEDRÓN DE OURO

Declarada de interese galego

Foi creada en 1964 para a defensa da lingua, da cultura e do patrimonio galegos, que atravesaban momentos difíciles para a súa conservación e supervivencia. A Fundación outorga anualmente dous premios: o Pedrón de Ouro e o Pedrón de Honra.

PEDRÓN DE OURO

PEDRÓN DE HONRA

2012

ACTO DE ENTREGA

Domingo, 20 de maio ás 12,30 h.
Casa Museo de Rosalía de Castro.
Padrón

Mantedora:

Fina Casalderrey

Presentador:

David Otero

Actuación do grupo de Gaitas
Bico da Balouta
e da cantautora **Xiana Lastra**

14,30

XANTAR DE HONRA

Restaurante Hotel Scala

Pazos – Padrón



Todos os que desexen asistir ao xantar
han facer a súa reserva
no 981 81 13 12 antes do 17 de maio




PEDRÓN DE OURO:
NOVA ESCOLA GALEGA

O Pedrón de Ouro trata de sobrancear a quen, residindo en Galicia, se destacase na defensa e promoción das diversas facetas da cultura nacional.

A Fundación do Pedrón de Ouro reconece en Nova Escola Galega a vontade continuada no tempo a prol dunha educación ao servizo, en particular, da nenez e da mocidade da nosa nación; tanto, desde as aulas de educación infantil, como mesmo desde aulas universitarias, e tamén desde os diversos espazos de formación en toda Galicia.

NOVA ESCOLA GALEGA vén promovendo unha educación alicerzada nas ideas da xustiza, da liberdade e da solidariedade, para formaren cidadáns e cidadás conscientes do país que habitan, da súa lingua e da súa cultura.

NOVA ESCOLA GALEGA vén procurando desde hai máis de tres décadas xerar de seguido renovadas prácticas e innovacións pedagóxicas. Xunto á Revista Galega de Educación e outras diversas publicacións en diversos soportes, ocúpaos a causa do idioma e do seu futuro e a do ensino público. Procuran unha educación democrática, inclusiva e laica.



PEDRÓN DE HONRA:
HENRIQUE ORTIZ ALONSO

Co Pedrón de Honra, a Fundación pretende distinguir a personalidade ou entidade viva, galega ou non, residente fóra da Terra que máis se destacase coas súas achegas ao engrandecemento da Nación e a súa Cultura.

O artista Henrique Ortíz (Ourense, 1934) desenvolve a súa traxectoria entre a súa cidade natal á que sempre estivo unido aínda vivindo en Madrid. Como alumno da Escola de Belas Artes de Madrid especializouse en debuxo e gravado, técnicas coas que se converteu nun referente da arte contemporánea galega.

Nos anos cincuenta coñece a Luís Seoane, que se converteu nun dos seus mellores amigos. En Madrid coincidiu nalgunha mostra colectiva con artistas da talla de Saura e Xenovés, pero foi co pintor galego Reimundo Patiño co que mantivo unha intensa colaboración. Con el chegou a compartir un taller que acabou sendo punto de encontro en Madrid de creadores galegos, como os poetas de Brais Pinto, Uxío Novoneira e Bernardino Graña.

En Galicia relaciónaselle cunha xeración que nos anos 70 en Ourense, arredor de Vicente Risco, conforman o grupo de Os artistiñas. Por esas datas participa nunha exposición organizada por Luís Seoane en Montevideo do grupo Estampa Popular Galega.

